INFORME OFICINA ORZAMENTARIA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE SERVIZO PARA A POSTA E MARCHA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS (OP) PARA O ANO 2019

ESTUDIO ECONÓMICO PARA A REALIZACIÓN DUN PROCESO DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E ORZAMENTO ESTIMADO DO CONCURSO

Este estudo económico baséase no que serviu de base para a licitación do mesmo servizo no ano 2017. Dado que o servizo obxecto de contrato é o mesmo fíxose unha revisión e unha actuación de magnitudes e, consecuentemente, de custes a esta anualidade.

1. Estudio comparativo

Como primeira aproximación á estimación do custo do proceso que se pretende realizar en Santiago de Compostela mediante a contratación dun servizo buscáronse en prensa noticias relacionadas con este tipo de procesos participativos, de xeito que se puidera estimar un primeiro valor central de referencia que permita dimensionar orzamentariamente o seu custo.

Noutras entidades locais galegas e españolas onde se desenvolveron procesos de orzamentos participativos os tipos de licitación ou importes de adxudicación foron os seguintes:

CONCELLO E EDICION	Euros (IVE excluído)
Ferrol 2010	50.901 €
Leganés 2007	57.851 €
Logroño 2012	22.314 €
Algeciras 2009	96.048 €
Algeciras 2010	48.024 €
Sevilla 2004	198.359 €
Molina del Segura 2018	49.586,78 €
MEDIA	*74.726,25 €*

Dado que non existen outros precedentes históricos localizables con facilidade debemos tomar como referencia estes valores, mesmo sabendo que se trata de procesos con diferentes características e alcance.

O custo medio da contratación externa destes procesos achégase aos 75.000 € sen IVE, valor que podemos incrementar lixeiramente por efecto da inflación se temos en conta os anos transcorridos entre os exemplos recollidos e o presente (nalgún caso até 14 anos). A inflación xeral media acumulada para o período transcorrido

ascende a un 11,93%, polo que podemos deducir un valor aproximado de 86.640,05 € en termos actualizados para unha contratación deste tipo.

Outra forma de aproximarnos ao custo de referencia pasa por tomar como dato o precedente próximo de Ferrol. Neste concello galego realizouse no ano 2010 unha contratación similar por valor de 50.901 €. Tendo en conta a actualización pola inflación (10,4%) e unha pequena corrección por poboación (95.966 habitantes fronte a 68.308) poderíamos estimar un valor mínimo para a contratación de 56.194,51€.

Atopámonos por tanto cunha primeira avaliación orientativa entre 56.194,51€ e 86.640,05 €, IVE excluído. Hai que ter en conta que a estas cifras cómpre engadirlles outros conceptos de custo que diferencian ao proceso de Santiago de Compostela de varios dos que se toman como exemplo na táboa anterior, como son a consideración dentro do contrato dunha plataforma web ou dos gastos de publicidade.

2. Datos de partida para o estudio

Os datos básicos para a elaboración do presente estudo proveñen, en parte, dos incluídos na solicitude expresa remitida á oficina de orzamentos pola concelleira delegado de Economía e Facenda de data 16 de marzo de 2018. O resto de información provén da análise dos requisitos recollidos no prego de prescricións técnicas. En resumo, os datos de partidas serían os seguintes:

- Persoal mínimo adscrito ao servizo pola adxudicataria:

PERSOAL MÍNIMO ESIXIDO	DEDICACIÓN MÍNIMA ESIXIDA
Persoa 1 (coordinador/a xeral)	100,0%
Persoa 2 (informática)	45,0%
Persoa 3 (comunicación)	70,0%
Persoa 4 (loxística)	70,0%
Persoa 5 (técnico/a económico)	35,0%

- Duración do servizo: 5 meses e medio.
- Valor do orzamento municipal do ano 2018 a aprobar no proceso de desenvolvementos dos OP: 1.500.000 €.
- Nivel de poboación mínima de alcance dos OP: 35% da poboación de Santiago, con idade superior a 16 anos.

3. Estimación de custos

3.1. Persoal

Calcúlase o custo mínimo de persoal segundo o convenio máis recente de oficinas e despachos da provincia da Coruña[1], ao cal se adscriben as consultoras de empresas.

Actualízanse os salarios conveniados para o ano 2014 nun 3,70%, porcentaxe de incremento do custo laboral segundo a Enquisa Trimestral de Custo Laboral do INE no período comprendido entre o cuarto trimestre de 2013 e o trimestre análogo do ano 2017 –último dato publicado- (catro anos).

A valoración do persoal considerado provén de cuantificar a dotación mínima que se vai a esixir no prego de prescricións técnicas, cinco persoas en total, sen prexuízo de que as ofertantes reforcen o equipo técnico adscrito ao servizo.

As dedicacións estimadas ao proxecto varían desde o 100% da persoa coordinadora ao 35 % das responsables económica, pasando polo 70% das responsables de comunicación e loxística e o 45% da responsable informática. Estas porcentaxes de dedicación axústanse aos requirimentos técnicos do prego e están establecidos en función das distintas fases do proceso en que participan cada unha destas persoas.

A maiores, estímase unha porcentaxe de substitución do persoal principal por razón das vacacións, de forma proporcional ao número de días anuais de vacacións e á duración en meses do proxecto. Por último calcúlase a remuneración aplicando proporcionalmente as 14 pagas preceptivas que recolle o convenio, o cal non fai ningunha distinción salarial por razón de xénero.

PERSOAL	GRUPO	NIVEL	DEDICACIÓN	MESES	XÉNERO SEGÚN CONVENIO	SALARIO 2014	SALARIO 2018	TOTAL
Persoa 1 (coordinador/a xeral)	Titulado/a superior	1	100,0%	5,5	Non distingue	1.504,42 €	1.560,08 €	10.010,54 €
Persoa 2 (informatica)	Técnico/a de oficina	3	45,0%	5,5	Non distingue	1.338,44 €	1.387,96 €	4.007,74 €
Persoa 3 (comunicación)	Titulado/a medio	2	70,0%	5,5	Non distingue	1.357,86 €	1.408,10 €	6.324,72 €
Persoa 4 (loxística)	Administrativo/a	6	70,0%	5,5	Non distingue	1.188,82 €	1.232,81 €	5.537,36 €
Persoa 5 (técnico-económico)	Titulado/a superior	2	35,0%	5,5	Non distingue	1.357,86 €	1.408,10 €	3.162,36 €
SUBTOTAL								29.042,72 €
Substitucións por vacacións (en proporción a 23 días en 260 xornadas anuais)								2.569,16 €
SUBTOTAL								31.611,88 €
Seguridade Social a cargo da empresa (aprox. 33% do salario bruto)								10.431,92 €
TOTAL								42.043,80 €

3.2. Materiais / Entregables

[1] *Resolución da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se ordena o rexistro e publicación da modificación do convenio colectivo de traballo provincial de oficinas e despachos. BOP n.º 83 de 5 de maio de 2014.*

O prego prevé a entrega ao Concello dunha serie de entregables (documentación técnica, documentación didáctica, CDs, material de papelaría, material de votación, etc.) que terán que ser postos a disposición do Concello nos soportes adecuados e nun número de copias suficiente para as persoas involucradas na supervisión do proceso: políticas, técnicas e asociacións, fundamentalmente. Ademais, para o correcto desenvolvemento das asembleas participativas presenciais é necesario distribuír ás persoas asistentes materiais didácticos, de traballo, de recollida de información e de votación.

MATERIAL / ENTREGABLES	PERSOAS	ORZAMENTO	TOTAL
Membros do Goberno Municipal, Grupo Motor, Comisión de Seguimento e Comisión Técnica	50	20,00 €	1.000,00 €
Participantes Asembleas (5% do 35% da poboación 16+ anos da cidade)	1450	4,45 €	6.452,50 €
TOTAL			7.452,50 €

3.3. Custos indirectos de xestión

Estímase unha porcentaxe do 16,5% sobre os custos directos (persoal, materiais) en que incorre a empresa. Esta partida cubre os custos das amortizacións dos equipos e medios inventariables utilizados, os custos financeiros, os consumibles e subministracións utilizados pola contratista para a realización do servizo ao longo do período de vixencia do contrato, así como os gastos menores imprevistos.

CUSTOS DIRECTOS INTERNOS (PERSOAL + ENTREGABLES)	49.184,80 €
CUSTOS INDIRECTOS E DE XESTIÓN (16,5%)	8.166,89 €
TOTAL	57.663,19 €

3.4. Custos externos da plataforma web

Pola natureza especializada das empresas que ofrecen servizos de participación cidadá estímase que os servizos tecnolóxicos terán que ser subcontratados ou integrados mediante compromiso de colaboración -UTE ou outra figura similar- na oferta das licitadoras. Na actualidade, o estado da arte nas aplicacións informáticas de *participatory budgeting* sitúa as mellores solucións no ámbito das empresas SAAS (*software as a service*), que fornecen o uso do software e a súa configuración e personalización corporativa a cambio dunha tarifa fixa por mes ou ano, pero non a súa adquisición.

Dada a duración do proceso previsto no prego de prescricións técnicas e as ofertas existentes no mercado, estímase necesario pagar unha licenza que permita utilizar o software cando menos 7 meses, o que supón un custo variable segundo a empresa e as funcionalidades cuxo termo mínimo ronda os **6.500 €.**

O resto de actividades relacionadas coa informática serán asumidas por unha das persoas da equipa de traballo, contemplando o seu custo na partida de persoal.

3.5. Imaxe gráfica

Razóns análogas de especialización e externalización se aducen no caso da imaxe gráfica. O contrato prevé a modificación, actualización e adaptación da imaxe gráfica para o proceso xeral de orzamentos participativos, partindo para isto da realizada para o Concello en anteriores edicións. Consistirá nun orzamento tipo dunha axencia de publicidade ou dunha empresa de comunicación e marketing. O orzamento estimado para esta finalidade ascende a **2.000 €**.

4. Resumo de custos

CUSTOS INTERNOS	CUSTOS DIRECTOS	PERSOAL	42.043,80€
		ENTREGABLES	7.452,50 €
		SUBTOTAL	49.496,30 €
	CUSTOS INDIRECTOS E DE XESTIÓN (16,5%)		8.166,89 €
	SUBTOTAL		57.663,19 €
CUSTOS EXTERNOS	PLATAFORMA WEB (SAAS)		6.500,00 €
	IMAXE GRÁFICA		2.000,00 €
	SUBTOTAL		8.500,00 €
CUSTOS TOTAIS			66.163,19 €€
BENEFICIO INDUSTRIAL (5%, SERVIZOS)			3.308,16 €
TOTAL			**69.471,35 €**

5. Orzamento estimado de licitación

En base ao estudio económico que antecede, poderíase estimar un orzamento de licitación para a contratación dun servizo para a posta en marcha dos orzamentos participativos para o ano 2019 por un importe de 69.471,35 € máis IVE (21%).

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018

A economista da oficina de orzamentos,

Marina Sandamil Andión